

MINIPREMIO AOS PROXECTOS EN GALEGO

Bases para participar. Curso 2022-2023

1. Obxecto da convocatoria.

O Minipremio aos Proxectos en galego recoñece os Proxectos desenvolvidos en lingua galega polo alumnado do módulo de Proxecto de todos os ciclos formativos de grao superior que se imparten no CIFP Ánxel Casal-Monte Alto no presente curso.

2. Requisitos.

2.1. Poderá participar nesta convocatoria o alumnado dos ciclos formativos de grao superior do CIFP Ánxel Casal-Monte Alto matriculado no módulo de Proxecto en calquera dos trimestres do curso 2022-2023.

2.2. Os Proxectos presentados cumprirán as seguintes características:

2.2.1. O Proxecto estará redactado en galego e o texto amosará coidado e calidade no uso da lingua.

2.2.2. A presentación oral do Proxecto realizase en galego.

2.2.3. O Proxecto terá unha cualificación igual ou superior a 5 por parte do Equipo docente do Ciclo formativo.

2.3. O alumnado participante autoriza á utilización do título do Proxecto, así como a información sobre a autoría e o ciclo formativo cursado para a súa difusión con fins educativos e de dinamización da lingua galega.

3. Presentación de solicitudes e documentación.

Poderá participar nesta convocatoria o alumnado de ciclos formativos de grao superior do CIFP Ánxel Casal-Monte Alto matriculado no módulo de Proxecto en calquera dos trimestres do curso 2022-2023.

As persoas candidatas ao Minipremio enviarán ao enderezo electrónico edlg.cifp.anxel.casal@edu.xunta.gal os seguintes datos:

- 1) Título do Proxecto.
- 2) Nome e apelidos das persoas autoras do proxecto.
- 3) Teléfonos de contacto de todas as persoas do grupo.
- 4) Enderezos electrónicos de contacto de todas as persoas do grupo.
- 5) Copia ou imaxe do boletín de notas ou da certificación académica.
- 6) Nome do profesor/a titor/a do proxecto.

4. Prazo de presentación das solicitudes.

O correo electrónico cos datos para participar no Minipremio enviarase no **prazo de 5 días** contados a partir do día seguinte á data establecida polo CIFP Ánxel Casal-Monte Alto para a entrega das notas de cada un dos trimestres do curso 2022-2023.

5. Selección e resolución.

5.1. Haberá un único proxecto premiado en cada trimestre do curso.

5.2. As persoas responsables de realizar o sorteo entre os Proxectos que cumpran os requisitos serán as seguintes: unha persoa do Equipo directivo do CIFP Ánxel Casal-Monte Alto e as persoas que forman o Equipo de dinamización da lingua galega.

5.3. A resolución do Proxecto premiado comunicarase por correo electrónico ás persoas candidatas.

5.4. A resolución do Proxecto premiado farase pública a través das vitrinas do centro, na páxina *web* e nas redes sociais do CIFP Ánxel Casal-Monte Alto.

6. Minipremio.

O Proxecto premiado en cada trimestre do curso recibirá un Minipremio individual consistente nun **cofre-agasallo de experiencias**.

Cada persoa ou persoas autora/s do Proxecto premiado recibirá o seu agasallo individual e poderá desfrutar dunha experiencia gastronómica, de benestar ou aventura a elixir (cata de viños, tapeo, spa, masaxe, tirolinas, surf,...).

7. Observacións.

- Soamente poderán presentarse a esta convocatoria Proxectos presentados e avaliados no curso 2022-2023.
- Co feito de participar neste Minipremio, as persoas autoras dos Proxectos autorizan á publicación do título e da autoría dos mesmos nas vitrinas e nas redes sociais do CIFP Ánxel Casal-Monte Alto.
- A participación neste Minipremio implica a total aceptación das súas bases.

Equipo de dinamización da lingua galega
CIFP Ánxel Casal-Monte Alto

A Coruña, 18 de outubro de 2022